

Día de Reis

Hoxe, Señor Xesús, é día de agasallos,
día de maxia e ilusión para os nenos,
cada un deles é unha proba de que estás entre nós.

Hoxe adorámoste a ti como ao Neno que merece os mellores agasallos.
Que ouro, que incenso e que mirra che podo ofrecer?

Neste día de Reis, o ouro dos meus petos
é para ti na persoa dos pobres.
Ofrézoche tamén o incenso da miña oración,
xa que es ti o meu Deus e Señor.
E douche a mirra dos meus esforzos e sufrimentos
pois suor e bágoas son agasallo de amor verdadeiro.

Pero ningún agasallo nin ofrenda que eu che dea
pode compararse co que ti fas,
ti mesmo te entregas por nós.
Por iso acollémoste con ledicia,
imos cara a ti como a estrela, con preza,
e queremos anunciarte e levarte a todos os que vexamos.



**Xesús, es o agasallo
de Deus para min.
Aquí me tes diante de ti
coas mans baleiras.
Non teño ouro,
pero douche o meu corazón.
Non teño incenso,
pero douche as miñas mans.
Non teño mirra,
pero douche a miña vida.
E tamén estou
ante o presebe
para recibirte
como o maior agasallo.**



**Evanxeo
6-xaneiro-2019
Epifanía**



**Como os Magos sigue a ESTRELA
e leva o teu AGASALLO a Xesús.**

Nadal 18-19

• ISAÍAS 60, 1-6: A Gloria do Señor amence sobre ti.

Levántate, brilla, que a túa luz xa chegou; si, a gloria do Señor resplandece sobre ti. Pois, olla, a escuridade cobre a terra e a negrura os pobos, pero sobre ti resplandece o Señor e a súa gloria faise ver sobre ti. Certo que os pobos camiñarán coa túa luz e os reis co resplandor do teu alborexar. Levanta os teus ollos arredor, todos estes xuntáronse, viñeron a ti. Os teus fillos veñen de lonxe e as túas fillas son traídas no colo. Entón, cando o vexas, estarás radiante e o teu corazón lateará e ensanchará, pois as riquezas do mar traeranse a ti e os bens dos pobos virán para ti. Estarás cuberta dunha chea de camelos, de dromedarios novos de Madián e de Efah. Todos eles virán de Sabá. Virán cargados de ouro e incenso, e proclamarán ledos a loanza do Señor. *Palabra do Señor.*

• SAL. 71: Prostrarán ante ti, Señor, todos os pobos da terra.

• EFESIOS 3, 2-3a 5-6: Agora foi revelado que tamén os xentís son coherdeiros da promesa

• SAN MATEO 2, 1-12: Vimos adorar o Rei.

Narrador: Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando:

Magos: -“Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque **vimos saír a súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle render homenaxe**”.

Narrador: Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a todos os sacerdotes e letrados do pobo, para lles preguntar onde tiña que nacer o Mesías. Eles responderon:

Sacerdotes: -“En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta: **E ti Belén, terra de Xudea, de ningún xeito es a máis pequena, entre as vilas de Xudea, que de ti ha saír o guía que será o pastor do meu pobo Israel**”.

Narrador: Entón Herodes, ás agachadas, chamou polos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles:

Herodes: - “**Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádevos, para ir eu tamén a lle render homenaxe**”.

Narrador: Eles, despois de oíren o rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír no Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. **Grande alegría sentiron ao ver saír de novo a estrela. E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e rendéronlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle como regalo ouro, incenso e mirra.** Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño. *Palabra do Señor*
(Narrador – Magos –Sacerdotes- Herodes)



Como os Magos sigue a ESTRELA E leva o teu AGASALLO a Xesús.

1. VER: Os agasallos de Reis

+A noite de Reis é unha noite máxica para os nenos. Quen máis quen menos, erguémonos coa ilusión de encontrar algún agasallo. É que o día de Reis Magos identifícase con agasallos, ilusión, xogos, sorriso, todos volvemos a ser un pouquiño nenos tratando de sorprendere, soñar e facer felices aos que nos rodean. **Que facedes neste día nas vosas casas? E no barrio, poboacións? E na parroquia? Que che gusta máis desta data?**

2. XULGAR: Os Magos buscan, adoran e agasallan

-No evanxeo de hoxe, Lucas cóntanos como uns magos de Oriente (astrólogos tal vez) ven nunha estrela o signo do nacemento de Xesús. Guiados por ela, encontraron o Neno. O encontro con el écheos de inmensa leducia, axeónllanse, adóranlo, ofrécenlle os seus agasallos e regresan por outro camiño.

-A festa dos Reis Magos **chámase “Epifanía” ou “manifestación” de Xesús** a todo o mundo: quere ser a **Luz** que guíe a todos. -Os Magos **axeónllanse e adoran o Neno:** inclínanse ante el e adóranlo como o Señor o rei de súas vidas. -**Ofrécenlle os seus agasallos: ouro** (é rei), **incenso** (merece adoración por ser Deus) e **mirra** (é tamén home).

QUE NOS QUERE DICIR?

-**BUSCAR:** Para encontrar a Xesús hai que buscalo, moitos non o encontrarán nunca. Os magos estaban pendentes do firmamento, estudaron o que dicían os sabios, deixaron as súas poboacións, camiñaron abondo, preguntaron. Hoxe non é fácil descubrir a Xesús, o seu amor por nós, hai que formarse, seguir a estrela da fe, deixar comodidades, preguntar...

-**ADORAR:** a tarefa do que encontrou a Xesús é adoralo, axeónllarse ante el, recoñecelo como noso Deus e noso Rei, orar con el, facer o que nos pida.

-**AGASALLAR:** o mellor agasallo para Xesús é darlle a nosa vida, ofrecerlle o noso corazón, vivir pendente del, ser o seu amigo, gozar coa súa amizade e regalarllo aos demais.

Que podemos mellorar na nosa familia? Como andades de dozura e amor?

3. ACTUAR: Un agasallo para Xesús

-Dialogade que ides agasallar a Xesús neste día. Para a celebración poñedes caixas de agasallos cos nomes do que a Xesús lle gustaría que fosen os vosos agasallos. -Ao ir a comungar recordade que o Xesús que se manifestou aos Magos é o que se nos manifesta a nós, quere que nos prostremos ante el, o adoremos e que nos deamos a el. -Pensamos nalgún xesto ou petición polos nenos que este ano non poden ter xoguetes.

Que vas facer? E en grupo?